

O AMOR É O DEMO



Tít. orixinal: *Love is the Devil*

Ano: 1998

Duración: 91 min.

País: Gran Bretaña

Dirección: John Maybury

Guión: John Maybury

Música: Ryuichi Sakamoto

Fotografía: John Mathieson

Reparto: Derek Jacobi, Daniel Craig, Anne Lambton, Kart Jonson, Annabel Brooks, Adrian Scarborough, Tilda Swinton

Productora: BBC Films / The British Film Institute / Premiere Heure / Uplink


Xénero: drama

Non recomendada para menores de 18 anos

Sinopse: A película narra un fragmento da vida do xenial artista británico Francis Bacon onde conviven os éxitos públicos e os fracasos privados, a destrucción, os desexos e o sufrimento dos seres humanos. A historia dun ser humano vencido polo seu éxito. A cinta comeza no 1971 no Grand Palais de Paris, onde o controvertido pintor é recibido como "o xenial pintor vivo" polas autoridades e a prensa, na súa triunfante retrospectiva. Ó mesmo tempo, o amante de Bacon está a punto de morrer.

Francis Bacon, paixón, arte e seducción

(tomado de <http://www.terra.es/cine/cartelera/>)



"O amor é o demo" revisa un fragmento da vida artística e íntima do pintor Francis Bacon. Un día de 1964, un ladrón entra a roubar na casa do pintor e ó baixar pola claraboia vai parar ó seu estudo, onde coñece a Francis Bacon. Dende entón, un irreversible destino cambiará o rumbo das súas vidas.

Unha poderosa e perigosa relación desenvólvese entre o extravertido artista e o home que se converte no seu amante e no modelo dos seus máis intensos e famosos cadros. O mundo de Bacon, cheo de artistas, prostitución e drogas, "un moi variado conxunto de individuos grotescos da bohemia do Soho nos anos 60", dispútanse a atención de Bacon mentres George Dyer consúmese pouco a pouco nos estupefacientes no seu intento por

ser aceptado no semi-sofisticado mundo de Bacon.

Esta película é ante todo unha viaxe imaxinaria na que coexisten ata a destrucción dos desexos e sufrimentos de dous seres humanos.

As enciclopedias de arte, cando chegan a Francis Bacon, fan un capítulo aparte: imposible involucralo nalgún movemento en concreto, absurdo pretender colgarlle nalgún *ismo* que non sexa de sí mesmo. "Demo" pareceu Bacon ós seus coetáneos que, ó tempo que abrían asombrados os ollos e as portas da Tate Gallery ó Francis artista, tapábanse a nariz e os oídos para evitar percibir os escándalos do Francis veciño de conducta incerta.

Achegado ó sono do expresionismo por algúns teóricos, outros tiveron o acerto e a sabedoría de lembrar a Bacon na súa heterodoxia, na súa guerra aberta a todo canto lle era próximo, acabou achegándose a Velázquez, lixouno co misticismo de El Greco e rañou, ata queimarse as xemas, o humanismo de Miguel Anxo. Logo, sen a salvagarda da pel, foi a atoparse co baleiro. Fenda escura e densa, impenetrable e tenebrosa.